



DATOS IDENTIFICATIVOS

Gramática do español: Da oración ao discurso

Materia	Gramática do español: Da oración ao discurso			
Código	V01G430V01313			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Rodríguez Barcia, Susana			
Profesorado				
Correo-e				
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é coñecer os conceptos fundamentais da expresión de eventos ou predicados de natureza dinámica. Búscase tamén distinguir os diferentes tipos de eventos e os seus esquemas dentro dun discurso. Así mesmo, na materia traballárase en describir a estrutura e relacións eventivas dun discurso, así como en xustificar as eleccións feitas con base na semántica. É dicir, finalmente os discursos vanse a analizar desde un punto de vista sintáctico e semántico.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.			
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.			
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan acceder ao estudantado ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.			
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.			
C8	Coñecemento das bases teóricas, os conceptos e os métodos (fonéticos, gramaticais, semánticos e pragmáticos) da análises lingüística aplicadas ás linguas do grao.			
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer os conceptos fundamentais da expresión de eventos ou predicados de natureza dinámica.	A4	B2	C8	
Distinguir os diferentes tipos de eventos e os seus esquemas dentro dun discurso.	A2	B7	C8	
	A4			
Describir a estrutura e relacións eventivas dun discurso, así como en xustificar as eleccións feitas con base na semántica.	A2	B2	C8	D1
		B7		

Contidos

Tema				
Tema 1. A oración como unidade discursiva. A representación e expresión de eventos	1.1. Procesos, participantes e circunstantes 1.2. As funcións sintácticas 1.3. As funcións semánticas			

Tema 2. Tipos de procesos	2.1. Clases ontolóxicas 2.2. Clases aspectuais
Tema 3. A modulación e a modalidade	3.1. A diátese 3.2. A expresión da subxectividade no discurso
Tema 4. Aplicacións e ferramentas	4.1. Confección de corpus textuais e documentais 4.2. Aplicación de marcos semánticos e corpus parseados 4.3. Principais aplicacións do procesamento da linguaxe e a etiquetaxe gramatical

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Debate	6	24	30
Lección maxistral	28	30	58
Resolución de problemas	14	44	58
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Na primeira sesión presentarase a guía docente, comentaranse os resultados de aprendizaxe esperados e explicaranse os mecanismos de avaliación.
Debate	Durante o cuadrimestre realizaranse tres debates a partir de tres lecturas seleccionadas pola persoa docente. O alumnado debe redactar un resumo, unha pequena valoración crítica e formular cinco preguntas para o debate.
Lección maxistral	Trátase de exposicións por parte da persoa docente nas que se abordan os contidos da materia. Combínase a exposición teórica coa realización de prácticas en colaboración co alumnado.
Resolución de problemas	Na aula propóranse actividades prácticas e discusións teóricas en relación con diversos puntos da materia nas que debe participar todo o alumnado. Posto que algúns problemas forman parte da avaliación, a data concreta na que se realizarán indicárase ao longo do curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Debate	Os debates levarán a cabo a partir de lecturas científicas seleccionadas pola persoa docente, que queda a disposición do alumnado para solucionar dúbidas tanto a través do correo electrónico como das titorías.
Resolución de problemas	Os problemas, discusións teóricas e realización de diversas actividades que se propoñan na aula contarán coa orientación do profesorado.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Debate	Trátase de tres debates realizados a partir de tres lecturas seleccionadas pola persoa docente. O alumnado debe redactar un resumo, unha pequena valoración crítica e formular cinco preguntas para cada debate (e subir ese documento a Moovi nos prazos indicados ao longo do curso).	30	A2 B2 C8 A4 B7
Resolución de problemas	Ao longo do cuadrimestre propóranse distintos problemas e actividades para resolver dentro da aula. Os días en que se vaian a realizar ese tres actividades avaliadas anunciaranse con antelación na aula ou a través de Moovi.	30	A2 B7 C8 D1 A4
Exame de preguntas de desenvolvemento	Ao final do cuadrimestre realizarase unha proba na que se desenvolvan algúns dos contidos da materia dende unha perspectiva teórica e práctica.	40	A2 B2 A4 B7

Outros comentarios sobre a Avaliación

1ª EDICIÓN DE ACTAS (DECEMBRO 2023-XANEIRO 2024) Avaliación continua É obrigatorio realizar e entregar no prazo establecido as probas marcadas na avaliación. As actividades e problemas non realizados na aula nos días indicados non se avaliarán. A data de celebración do exame coincidirá co día fixado no Calendario de exames establecido pola facultade e publicado na web da FFT. A cualificación na primeira edición de actas dos alumnos e alumnas que opten pola avaliación continua corresponderá ao cómputo das notas obtidas nas probas realizadas durante o curso (debate, problemas e exame). Para superar a materia será necesario obter

como mínimo un 4,75 (sobre 10) en total.

Avaliación única

Neste caso, a avaliación realízase mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, no que a nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar ao final do cuadrimestre, na data fixada no Calendario de exames aprobado pola Xunta de Facultade e publicado na web da FFT. A data desta proba coincidirá na primeira edición das actas coa data na que se realizará o exame para os discentes que opten pola avaliación continua. A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito á asistencia. Recoméndase ao alumnado que escolla esta modalidade de avaliación que consulte regularmente os documentos que se irán colgando en Moovi e que acorde titorías regulares coa docente.

2ª EDICIÓN DE ACTAS (xullo 2024)

Na segunda edición de actas a avaliación levarase a cabo exclusivamente mediante un exame único, baseado nos contidos da materia. Este exame terá lugar na data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade. Os alumnos e alumnas que non acadasen o aprobado na modalidade de avaliación continua e que se presenten nesta oportunidade de xullo deben ter en conta que non se gardarán en ningún caso as notas das probas de avaliación continua.

O estudiantado Erasmus poderá realizar as probas coa axuda dun dicionario.

Tanto no exame coma nas actividades propostas ao longo do curso penalizaranse os erros na expresión.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Calsamiglia, Helena y Amparo Tusón, **Las cosas del decir. Manual de análisis del discurso**, 9788434405691, 3, Ariel, 2012

García-Miguel Gallego, José María, **Lingüística de corpus: de los datos textuales a la teoría lingüística**, 2022

Montolío, Estrella, **Manual de escritura académica y profesional. Estrategias gramaticales (vol. I)**, 8434427990, Ariel, 2014

Bibliografía Complementaria

Aijón Oliva, Miguel Ángel, **Elección gramatical y construcción del discurso: la evolución formal y funcional de los referentes textuales**, <https://doi.org/10.7764/onomazein.35.07>, 2017

RAE y ASALE, **Nueva gramática de la lengua española**, Espasa, 2009

Van Dijk, Teun, **Conocimiento, elaboración del discurso y educación**, <https://revistasum.umanizales.edu.co/ojs/index.php/escribania/article/view/2963>, 2002

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase que o alumnado Erasmus que curse esta materia teña como mínimo un nivel B2.